

A VIDA UN FRENESÍ

UN ITINERARIO CLOWN
SOBRE O PASO DO TEMPO

UNHA CREACIÓN DE
LOL e POP
M. Lolo Castro e A. Popín Maguna

Dirección: David Alonso Iluminación e escenografía: Beatriz de Vega Deseño gráfico e fotografía: Paula Marzoa Producción: Barafunda teatro



barafunda
teatro

A VIDA UN FRENESÍ

LOL e POP viven unha vida gris traballando nun almacén. A través dunha viaxe pola súa imaxinación, móstrannos **o paso do ser humano pola vida**, dende a máis tenra infancia ata o ocaso da vellez.

Un **espectáculo clown que amosa a estupidez humana**, con pequenos sketches que falan do cotiá de xeito inxenuo e divertido, onde podemos descubrir o ridículo que podemos chegar a ser.

A nosa asneira condúcenos a unha pronta extinción? Poderemos salvarnos? Esta tola parella de pallasos conta cunha receita para sobrevivir neste frenesí chamado vida: **abrir o corazón e non parar de xogar e rir.**

Duración: 70 min

Xénero: Comedia, clown

Temas: Paso do tempo, humor, vellez, familia e actualidade socio-política

Estrutura: Trama teatral dividida en sketches cómicos, interactiva co público



SOBRE LOL Y POP



Obra protagonizada por **Adolfo “Popín” Maguna Strasser** e **Manuel “Lolo” Castro Lima**, pallasos de profesión con máis de 35 anos de experiencia en escenarios de toda Galicia.

Son actores, directores, guionistas de espectáculos teatrais, contacontos, magos, risoterapeutas... Un divertido dúo cómico cos mesmos denominadores comúns: a comunicación, a expresión e a risa.

Baixo a atenta **dirección** de **David Alonso**, actor, pedagogo teatral e creador escénico, apañarán milleiros de risas.

A cargo da **escenografía e a iluminación**, **Beatriz de Vega**, que aporta a beleza coa súa exquisita arquitectura escénica.

